



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DOUS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

(ACTA NÚMERO 16)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dous de maio de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor deputado don Iván Castro Díaz.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	1/44	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de abril de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN CAPACIDADES DIXITAIS, NO ÁMBITO RURAL, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “Y PARA DIGITALIZARSE LUGO”, DENTRO DO PROGRAMA “RETO RURAL DIGITAL” NO MARCO DO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXTGENERATION EU”- COMPONENTE 19 INVERSIÓN 1.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos de formación en capacidades dixitais, no ámbito rural, para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”; dentro do programa “Reto rural digital”, no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado con fondo da Unión Europea Next Generation EU. Compoñente 19: Inversión 1, consta no mesmo:

Antecedentes.

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7S62T6DA6D50JIQ4ORKPTW44.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7S66TTMAWZ7SWKCHWMMNPMM.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7S62T7D757JPW4U35HMQBUE4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7SYSHMNFUPSTWSU5FVIMTGB4.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7SYSHN3DZJ72JCXXVSIRAUEQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación da prestación dos servizos de formación en capacidades dixitais, no ámbito rural, para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”; dentro do programa “Reto rural digital”, no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado con fondo da Unión

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	2/44	



Europea *Next Generation EU*. Compoñente 19: Inversión 1, motivada a urxencia nas razóns de interés público que se recollen na Memoria Xustificativa.

2º.- Aprobar a contratación dos servizos de formación en capacidades dixitais, no ámbito rural, para a execución do proxecto “Y para digitalizarse Lugo”; dentro do programa “Reto rural digital”, no marco do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado con fondo da Unión Europea *Next Generation EU*. Compoñente 19: Inversión

3º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es). O prazo de presentación de proposicións, nesta modalidade de tramitación de urxencia e suxeita a regulación harmonizada, será de 15 días naturais, a contar desde o seguinte á data de envío ao DOUE, de acordo co previsto ao efecto no artigo 50.1 (letras a e e) do Real Decreto Lei 36/2020.

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 402.565,29 €, aos que se aplicará un IVE do 21%, 84.538,71 €, o que fai un total de 487.104,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	3/44



3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN COA INTERVENCIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE ACTUACIÓN DE CONTROL FINANCEIRO EN MATERIA DE SUBVENCIÓN DENTRO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO EN MATERIA DE SUBVENCIÓN A REALIZAR EN 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do plan anual de control financeiro en materia de subvencións, a realizar en 2025, consta no mesmo:

1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7S4UPSBFVY5KR7XT6XGBL7H4.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7S42DOP4V6RZNJ2RFE44RC74.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7S42DKOH563O5NCDV5D73EKM.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7S7UICLD6Y6VFOVBNIDQ6KY.
5. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7S7UPZLH5YX64PCJMW6476IU.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de colaboración coa Intervención Provincial no exercicio de actuacións de control financeiro en materia de subvencións, dentro do plan anual de control financeiro en materia de subvencións, a realizar en 2025.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como os criterios que se recollen para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	4/44





normativa; disponer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 15.384,90 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, €, 3.230,85 € o que fai un total de 18.615,75 €. O gasto financiarase con cargo á aplicación 9310.22706, do exercicio 2025, segundo consta no informe de consignación da Intervención. Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DOS SERVIZOS DE DESEÑO, MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN DE OITO PUBLICACIÓNS DO SERVIZO DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes dos servizos de deseño, maquetación, impresión e encadernación de oito publicacións do Servizo de Publicación da Deputación de Lugo, expediente 2025/CON_02/000032, consta no mesmo:

1. Orde de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: Orden de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7S4YDJ3YFC2THS2UX4P4SPKA¹.
2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos (Lote I), CSV: IV7S4YDOZN653GR2TRFSMRSC4A.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SST23PYXYJSR34LXMFYX6OI.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7S7UIJZEP5QTW36JOWERRCEE.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	5/44	

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7SYSL2J74YKRB7ZTYRL3QBCQ.

6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes dos servizos de deseño, maquetación, impresión e encadernación de oito publicacións do Servizo de Publicación da Deputación de Lugo, expediente 2025/CON_02/000032.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 89.500,00 €, ao que se aplicará un IVE de 9.275,00 euros (4% ou do 21%, segundo corresponda), o que fai un total de 98.775,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, coa seguinte distribución por lotes:

Lote e título	Importe bruto	IVE 21%	TOTAL
Título 1.1	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
Título 1.1	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
LOTE 1	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €
Título 2.1	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €
Título 2.2	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
Título 2.3	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €
Título 2.4	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
LOTE 2	17.000,00 €	3.570,00 €	20.570,00 €
LOTE 3	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €
LOTE 4	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	6/44





Lote e título	Importe bruto	IVE 4%	TOTAL
Título 5.1	5.000,00 €	200,00 €	5.200,00 €
Título 5.2	5.000,00 €	200,00 €	5.200,00 €
LOTE 5	10.000,00 €	400,00 €	10.400,00 €
Título 6.1	11.000,00 €	440,00 €	11.440,00 €
Título 6.2	12.000,00 €	480,00 €	12.480,00 €
Título 6.3	11.000,00 €	440,00 €	11.440,00 €
Título 6.4	12.000,00 €	480,00 €	12.480,00 €
LOTE 6	46.000,00 €	1.840,00 €	47.840,00 €

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

LOTES	2025	RC	2026	RC	TOTAL
Lote1	4.235,00 €	22025/8824	4.235,00 €	220259/105	8.470,00 €
Lote2	10.285,00 €	22025/8826	10.285,00 €	220259/106	20.570,00 €
Lote3	9.075,00 €	22025/8827			9.075,00 €
Lote4	2.420,00 €	22025/8829			2.420,00 €
Lote5	5.200,00 €	22025/8831	5.200,00 €	220259/107	10.400,00 €
Lote6	23.920,00 €	22025/8834	23.920,00 €	220259/108	47.840,00 €
TOTAIS	55.135,00 €		43.640,00 €		98.775,00 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2026 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 11 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recolle o seguinte:

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	7/44



“Antecedentes.

1. Acordo de Xunta de Goberno de data 28 de xuño do 2024, con CSV: IV7XHSP2FF4IJSBCWLWA6UTDMQ, polo que se adxudican o lote 11 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Servicios Agrícolas Moure, S.L.
2. Formalización do contrato, datada o día 07 de agosto de 2024 (CSV: IV7URTJDZNHP37BPQVAVO5LRICI).
3. Escrito presentado o día 17 de marzo de 2025 (RXE nº 2025RT004478) por Dna. Rocío Campos Adrio, en representación de Agroforestal Carballés Campos, en calidade de cesionario e D.Manuel Fente Somoza en representación de Servicios Agrícolas Moure S.L., en calidade de cedente; no que se interesa a cesión do contrato a favor da mercantil Agroforestal Carballés Campos, S.L.
4. Informe do Responsable do contrato do 18 de marzo de 2025 (CSV: IV7SQYJCPBES2TBTXVYUEJRWMM).

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	8/44	



A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	9/44	

predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

“Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuese a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal....”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado “I” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliados automaticamente (prezo e idade dos tractores desbrozadores con brazo), circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	10/44





Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV7SQYJCPBES2TBTXYVYUEJRWMM, no que se recolle que:

“Este Responsable do Contrato logo de levar a cabo as comprobacións oportunas, tendentes a determinar si o adxudicatario cumpre as condicións de execución do 20% do contrato, pon de manifesto que a mercantil Servicios Agrícolas Moure, S.L., a data 17 de Marzo do 2025, executou de acordo os criterios fixados nos pregos que rexen o contrato 125, 755 km. da prestación, o que supera o 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión.”

Sexta.- Cúmprese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

Incorpórase ao expediente a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP da empresa Agroforestal Carballés Campos (documentación que obra no expediente 2024/CON_02/000008 lote 11):

1. Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP): Consta no ROLECE CIF da empresa, DNI do representante, obxecto social e aporta escritura de nomeamento de administrador solidario.

2. Obrigas tributarias e da Seguridade Social (artigo 13 e seguintes do RXLC): Incorpóranse ao expediente, certificación de alta no IAE, certificados de estar a corrente da AEAT, Seguridade Social e Recadación da Deputación de Lugo.

3. Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

Constan consta anuais do ano 2022 aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil

Incorpóranse certificado de boa execución correspondente ao ano 2023, que obran na Deputación, por importe superior 26.519,82 €.

Incorpórase informe de data 14.04.2025 emitido pola Unidade de Coordinación e Xestión Territorial con CSV: IV7S4K26Z5M5JXEIVUIUAXQPJ4, onde di:

“que a documentación técnica que presenta a entidade mercantil Agroforestal Carballés Campos, CIF B27498948, en calidade de cesionaria, responde a propia de dous vehículos tractores aptos para realizar labores de desbroces de marxes da estradas abertas o tráfico público e polo tanto o perfil esixido por esta Deputación Provincial de Lugo, no marco do contrato de referencia.

A maior abastanza ditos vehículos contan con un antigüidade menor de 15 anos, tal e como se esixía nos pregos de licitación do presente lote.”

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	11/44	

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia/ clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

- a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.
- b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.
- c) Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 3.719,98 € (Expediente 124/XEN/1783.Nº operación 320240007177)

Oitava.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente que pola

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	12/44





Presidencia se proceda a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito”.

Polo que vai dito propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Autorizar a cesión das prestacións determinadas no lote 11 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor de Agroforestal Carballés Campos, quedando pendente de executar a anualidade 2025 por importe de 45.011,77 €.

2º.-Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 3.719,98 €.

3º.-A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN NÚMERO 1 PARA INCREMENTAR O IMPORTE ECONÓMICO DE VARIAS APLICACIÓN ORZAMENTARIAS NA CONTRATACIÓN 2024/CON_02/000032-SUBMINISTRACIÓN DO GAS NATURAL NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DO GAS NATURAL (Nº EXPEDIENTE PLACSP: CC.-02/2022).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	13/44	

Primeiro.- Na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019, esta Deputación Provincial adoptou entre outros acordos, adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita Central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

Segundo.- A FEMP oferta para os seus asociados a adhesión a un contrato de Gas Natural. O 14 de Setembro de 2022 a FEMP subscribiu un Acordo Marco para a subministración do Gas Natural a través da Central de Contratación da FEMP (Nº expediente PLACSP: CC.- 02/2022). O contrato está dividido en tres lotes, sendo o lote que corresponde a esta entidade o lote 1: Galicia, Asturias, Castilla y León, Cantabria, País Vasco, La Rioja, Navarra, Madrid. Dentro deste lote temos 2 adxudicatarios: Gas Natural Comercializadora S.A. e Endesa Energía S.A.U.

En dita licitación, a FEMP tivo en conta todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 31 de maio do 2024, procedeuse a adxudicación en favor da empresa Gas Natural Comercializadora S.A da contratación 2024/CON_02/000032- Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural (nº expediente PLACSP: CC.- 02/2022).

En virtude de dito acordo, a empresa adxudicataria Gas Natural Comercializadora S.A, comprometeuse a subministrar Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 186.778,89 euros, aos que hai que engadir 39.223,57 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 226.002,46 euros, de acordo co seguinte detalle:

SUBMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL (IVE INCLuíDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2024 (IVE INCLuíDO)	IMPORTE ANUALIDADE 2025 (IVE INCLuíDO)
ES0224050025509003HG PAZO PROVINCIAL SAN MARCOS	73.172,00 €	48.781,33 €	24.390,67 €
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	18.984,08 €	12.656,05 €	6.328,03 €
ES0224050000065556NP PAZO DOS DEPORTES	72.654,50 €	48.436,33 €	24.218,17 €
ES0224050025508210YQ SANTO ANXO-ANTIGA FUNDACIÓN TIC	11.056,79 €	7.371,19 €	3.685,60 €
ES0224050025508673AL SANTA MARÍA Nº 2	17.732,99 €	11.821,99 €	5.911,00 €
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	18.892,18 €	12.594,79 €	6.297,39 €
ES0224050025508874NJ STA. MARÍA Nº 9	2.014,92 €	1.343,28 €	671,64 €
ES0224050000773033KM PRODUCTORA TIC	8.470,00 €	5.646,67 €	2.823,33 €
ES0224050036237764TR INMOBLE DA PRAZA DE SAN MARCOS Nº 11	3.025,00 €	2.016,67 €	1.008,33 €
TOTAL	226.002,46 €	150.668,30 €	75.334,16 €

* En relación ao Orzamento Base de Licitación cabe salientar que foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	14/44





os consumos reais, por tal motivo ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data de inicio do contrato é o 01 de xullo de 2024. A duración do Contrato Baseado, tal e como se indica apartado 5 do documento de invitación “Plazo de duración del contrato basado y prórroga”, é de 1 ano con posibilidade de unha prórroga anual.

O Valor Estimado do contrato é de 448.269,34 euros (IVE non incluído). Para o cálculo de dito valor se tiveron en conta os seguintes preceptos:

Tal e como se indica na cláusula 21.11 do PCA: “Modificación de los Contratos Basados”, o contrato poderá ser modificado nun 20%.

Tal e como se indica na cláusula 21.2 do PCA: “Inicio y duración de los Contratos Basados”, a duración ordinaria do Contrato Baseado será de un ano, tal e como dispón a normativa sectorial de aplicación, podendo ser obxecto de unha prórroga anual. Polo tanto, a duración máxima do contrato, prórrogas incluídas, será de dous anos.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán este contrato se resumen na seguinte táboa:

PROPOSICIÓN ECONÓMICA DE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. PARA EL SUMINISTRO DE GAS NATURAL PARA DIPUTACIÓN DE LUGO_EXP 2024/000516

Fecha petición oferta	06/05/2024
Fecha envío oferta	07/05/2024
Fecha validez oferta	30 días hábiles, a contar desde la finalización de la fecha para presentar ofertas

DIPUTACIÓN DE LUGO		TARIFA DE ACCESO						TTFHERENMA101 (1) 29,030
		RL1	RL2	RL3	RL4	RLT85	RLT86	
	Descuento (€/kWh)	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	
	Coefficiente K (€/kWh)	0,027831	0,024873	0,022169	0,024621	0,023689	0,017502	
	Precio c €/kWh	5,1261	4,8303	4,5599	4,8051	4,7119	4,0932	
	Precio €/kWh	0,051261	0,048303	0,045599	0,048051	0,047119	0,040932	

* Tal e como se indica na cláusula 21.1 “Procedimiento para la tramitación de los Contratos basados” apartado A) “Fase inicial”: “Los precios ofertados se encuentran indexados y serán revisados mensualmente conforme a lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA. Por tanto, la facturación se ajustará a las modificaciones previstas en dicha cláusula y serán de aplicación desde el primer mes de ejecución del Contrato basado”.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	15/44



Consideracións xurídicas.

Primeira. – A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: "1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior."

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

Segunda.- O procedemento de adxudicación do contrato baseado 2024/CON_02/000032-Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural (Nº expediente PLACSP: CC.- 02/2022), realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de Gas Natural e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supeditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de Gas Natural da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicárase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Por Resolución de Presidencia de data 26 de abril de 2024 se nomeou a Jose Antonio Arias Lombardero Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá como responsable (Titular) de este contrato.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	16/44





O Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, José Antonio Arias Lombardero, coa conformidade do Deputado de Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 1 do contrato baseado sinalado por importe de 33.057,85 euros, aos que haberá que engadir 6.942,15 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 40.000,00 euros (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación da modificación número 1 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A, con NIF A61797536, de acordo cos seguintes extremos:

a) O obxecto da modificación a realizar é, incrementar a cantidade inicialmente prevista no contrato para poder facer fronte ás facturas do mesmo polos motivos que se expoñen na consideracións xurídico-administrativa número 3 de dito informe, onde textualmente se di:

“O persoal da Sección de Innovación-Axencia da Enerxía está a detectar que para algunhas das subministracións obxecto do contrato se está a producir un incremento considerable no consumo de Gas Natural. Isto provoca que o importe económico inicialmente previsto para o contrato, que era de 186.778,89 euros, aos que hai que engadir 39.223,57 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 226.002,46 euros, resulte insuficiente para pagar as facturas do mesmo, polo que é preciso incrementar dito importe. Cabe salientar que tal situación era imposible de prever no momento no cal se realizaron as estimacións económicas iniciais do contrato.

Segundo as estimacións realizadas polo persoal da Sección de Innovación-Axencia da Enerxía, para poder facer fronte ás facturas do contrato se deberán realizar os seguintes incrementos sobre as cantidades inicialmente previstas para o primeiro semestre de 2025:

SUMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL A INCREMENTAR 1º SEMESTRE 2025 (IVE INCLuíDO)
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	10.000 €
ES0224050000065556NP PAZO DOS DEPORTES	22.000 €
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	8.000 €
TOTAL A INCREMENTAR	40.000 €

(...)”

b) O prezo do contrato baseado tras a modificación número 1 a realizar, como tamén indica o responsable do contrato na consideración xurídico-administrativa número 3 do seu informe, sería de 219.836,74 euros, aos que haberá que engadir 46.165,72

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	17/44



euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 266.002,46 euros (IVE engadido).

No mencionado informe sinálase que o importe dos incrementos obxecto da modificación número 1 foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

c) Os prezos unitarios que rexen o contrato non sufrirán variacións. En virtude do Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo do 31 de maio de 2024 os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que seguirán rexendo este contrato se resumen na seguinte táboa:

PROPOSICIÓN ECONÓMICA DE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. PARA EL SUMINISTRO DE GAS NATURAL PARA DIPUTACIÓN DE LUGO_EXP 2024/000516							
Fecha petición oferta		06/05/2024					
Fecha envío oferta		07/05/2024					
Fecha validez oferta		30 días hábiles, a contar desde la finalización de la fecha para presentar ofertas					
DIPUTACIÓN DE LUGO	TARIFA DE ACCESO						TTFHERENMA101 (1)
	RL1	RL2	RL3	RL4	RLT85	RLT86	
	Descuento (€/kWh)	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	
	Coefficiente K (€/kWh)	0,027831	0,024873	0,022169	0,024621	0,023689	
	Precio c €/kWh	5,1261	4,8303	4,5599	4,8051	4,7119	
	Precio €/kWh	0,051261	0,048303	0,045599	0,048051	0,047119	29,030

* Tal e como se indica na cláusula 21.1 “Procedimiento para la tramitación de los Contratos basados” apartado A) “Fase inicial”: “Los precios ofertados se encuentran indexados y serán revisados mensualmente conforme a lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA. Por tanto, la facturación se ajustará a las modificaciones previstas en dicha cláusula y serán de aplicación desde el primer mes de ejecución del Contrato basado”.

d) O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. En virtude do Acordo da Xunta de Goberno de 31 de maio de 2024, a data de finalización do mesmo é o 30 de xuño de 2025.

Cuarta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 1 do contrato baseado e realizar os incrementos económicos descritos na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA como na LCSP:

a) A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (“Prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente”), punto 1 (“Prerrogativas da Administración”), establece que “El Órgano de Contratación de cada “Entidad contratante” tendrá la prerrogativa de interpretar los Contratos basados, resolver las dudas que ofrezca su cumplimiento, modificarlos, acordar su resolución y determinar los efectos de ésta en virtud del artículo 190 y siguientes de la LCSP.”

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	18/44





Na cláusula 21.11 do PCA do Acordo Marco (“Modificación de los Contratos basados”) establece: “Conforme a lo dispuesto en la cláusula 21.3 del PCA, las “Entidades contratantes” podrán solicitar la inclusión de nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. El contratista estará obligado a suministrar gas en dichos puntos, siempre que se cumplan los requisitos previstos en la presente cláusula. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la “Entidad contratante” incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado. Asimismo, podrán modificarse los Contratos basados, y resulta de aplicación lo dispuesto en los párrafos anteriores, en los supuestos en que se produzca un aumento de los consumos previstos inicialmente para los puntos de suministro objeto del contrato, siempre y cuando dicho incremento no supere 20 % del valor estimado del mismo”.

Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita a modificación número 1, indícase expresamente;

“Sinalar a este respecto tal e como xa se indicou, que o incremento do consumo que se produciu en varias dependencias da Deputación de Lugo era imposible de prever no momento no cal se realizaron as estimacións económicas iniciais do contrato.”

b) Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares á Cláusula 23 do PCA ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público”.

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedimientos que se instrúan para a adopción de acuerdos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidad co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	19/44



c) Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir os incrementos económicos indicados na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. A subministración realizarase nas mesmas condicións que se estaba realizando, respectando o indicado nos Pregos Reitores do contrato. O que se pretende con esta modificación é poder facer fronte ás facturas do contrato, sen causar ningunha alteración no obxecto do mesmo.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios aprobados por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de data 31 de maio do 2024, non se verán modificados, e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto”.

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.- As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

1. Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.”

Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.”

Respecto da primeira cuestión motívase a concorrencia de interese público na modificación número 1 do contrato baseado que se pretende realizar pola necesidade de proporcionar subministración de Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo. Polo cal para poder facer fronte aos importes económicos desta facturación, é preciso incrementar a asignación orzamentaria.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	20/44	



Indicar tamén que, tendo en conta que como no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados para incluír novas subministracións de carácter ordinario nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, hai que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP para o análise das condicións e requisitos precisos para a súa realización.

2. O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:

“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

2. En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 1 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 226.002,46 euros. Este importe inclúe 39.223,57 euros en concepto de imposto sobre o valor

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	21/44	

engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 186.778,89 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Polo tanto, e tendo en conta que o incremento do importe económico preciso para facer fronte as facturas do contrato ascende a 33.057,85 euros (IVE excluído), a modificación número 1 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 17,70% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído) non superando por tanto esta modificación número 1 o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído), co que se cumpre co indicado no artigo 204 da LCSP.

Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.11 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca.

Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación número 1 que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do contrato inicial, que non é outra que a subministración de Gas Natural na Deputación de Lugo. A finalidade da modificación do contrato baseado, responde á necesidade de poder pagar as facturas de Gas Natural, as cales son superiores ao que nun principio se calculou debido a un incremento nos consumos de Gas Natural, incremento que era imposible de prever no momento no cal se realizaron as estimacións económicas iniciais do contrato. Polo tanto esta modificación non implica a substitución das subministracións que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, está claramente incluída no obxecto do contrato.”

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 1 do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

3. Para a realización da modificación número 1 que se pretende realizar hai que ter en conta o previsto no artigo 207.1 da LCSP onde se establece que “No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares”.

Sobre este particular no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que “A este respecto como xa se indicou, a cláusula 21.11 do PCA indica: Conforme a lo dispuesto en la cláusula 21.3 del PCA, las “Entidades contratantes” podrán solicitar la inclusión de nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. El contratista estará obligado a suministrar gas en dichos puntos, siempre que se cumplan los requisitos previstos en la presente cláusula. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la “Entidad contratante” incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	22/44





solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado. Asimismo, podrán modificarse los Contratos basados, y resulta de aplicación lo dispuesto en los párrafos anteriores, en los supuestos en que se produzca un aumento de los consumos previstos inicialmente para los puntos de suministro objeto del contrato, siempre y cuando dicho incremento no supere 20 % del valor estimado del mismo...". A vista do exposto enténdese tamén cumprido este extremo.

4. Indicar, ademais, que na modificación número 1 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP "Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros", posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

5. Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.3 do mencionado PCA do Acordo Marco:(Ejecución y cumplimiento de los Contratos basados) que sinala textualmente: "El contratista estará obligado a suministrar gas a aquellos nuevos puntos de suministro (excepto suministros eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las "Entidades contratantes" siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio valor estimado del contrato atendiendo a los consumos que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la "Entidad contratante" incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado. Esta previsión también resulta de aplicación en los supuestos en que se produzca un aumento de los consumos previstos inicialmente para los puntos de suministro objeto del contrato, siempre y cuando dicho incremento no supere 20 % del valor estimado del contrato...".

6. Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 448.269,34 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP "Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	23/44	

servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”.

En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 1 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e cómo expón o responsable do contrato no seu informe, o importe dos incrementos obxecto da modificación 1, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Sétima.- A modificación número 1 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 31 de maio do 2024 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:

“Non se esixe garantía definitiva de conformidade coa cláusula 21.12 do PCA: “Garantías en los contratos basados”, ao tratarse dunha subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción debe efectuarse antes do pago do prezo. Tampouco deberá constituírse garantía provisional”.

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 1 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato. Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado C) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	24/44





Novena.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2025, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:

a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 1 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión.

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 1 do contrato baseado 2024/CON_02/000032- Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural (Nº expediente PLACSP: CC.- 02/2022), sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo: Aprobar a modificación número 1 para aumentar o importe económico de varias aplicacións orzamentarias da contratación 2024/CON_02/000032-Subministración

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	25/44



do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural (Nº expediente PLACSP: CC.- 02/2022), cun incremento do prezo de adxudicación de 33.057,85 euros, aos que haberá que engadir 6.942,15 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 40.000,00 euros (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación do contrato baseado.

Segundo as estimacións realizadas polo persoal da Sección de Innovación-Axencia da Enerxía, para poder facer fronte ás facturas do contrato se deberán realizar os seguintes incrementos sobre as cantidades inicialmente previstas para o primeiro semestre de 2025:

SUMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL A INCREMENTAR 1º SEMESTRE 2025 (IVE INCLuíDO)
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	10.000 €
ES0224050000065556NP PAZO DOS DEPORTES	22.000 €
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	8.000 €
TOTAL A INCREMENTAR	40.000 €

O importe destes incrementos foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Adxudicar esta modificación número 1 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 219.836,74 euros, aos que haberá que engadir 46.165,72 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 266.002,46 euros (IVE engadido). Esta modificación, realizada en virtude do artigo 204 da LCSP modificacións previstas nos pregos reitores, supón un incremento dun 17,70% sobre o prezo inicial do contrato baseado. Os prezos unitarios que rexen o contrato non sufrirán variacións. En virtude do Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo do 31 de maio de 2024 os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que seguirán rexendo este contrato se resumen na seguinte táboa:

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	26/44





PROPOSICIÓN ECONÓMICA DE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. PARA EL SUMINISTRO DE GAS NATURAL
PARA DIPUTACIÓN DE LUGO_EXP 2024/000516

Fecha petición oferta 06/05/2024
Fecha envío oferta 07/05/2024
Fecha validez oferta 30 días hábiles, a contar desde la finalización de la fecha para presentar ofertas

DIPUTACIÓN DE LUGO	TARIFA DE ACCESO						TTFHERENMA101 (1)
	RL1	RL2	RL3	RL4	RLT5	RLT6	
	Descuento (€/kWh)	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	
	Coefficiente K (€/kWh)	0,027831	0,024873	0,022169	0,024621	0,023689	
	Precio c €/kWh	5,1261	4,8303	4,5599	4,8051	4,7119	
Precio €/kWh	0,051261	0,048303	0,045599	0,048051	0,047119	0,040932	29,030

* Tal e como se indica na cláusula 21.1 “Procedimiento para la tramitación de los Contratos basados” apartado A) “Fase inicial”: “Los precios ofertados se encuentran indexados y serán revisados mensualmente conforme a lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA. Por tanto, la facturación se ajustará a las modificaciones previstas en dicha cláusula y serán de aplicación desde el primer mes de ejecución del Contrato basado”.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. En virtude do Acordo da Xunta de Goberno de 31 de maio de 2024, a data de finalización do mesmo é o 30 de xuño de 2025.

A formalización da modificación número 1 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicada de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación número 1 para aumentar o importe económico de varias aplicacións orzamentarias da contratación 2024/CON_02/000032-Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural (Nº expediente PLACSP: CC.- 02/2022), cun incremento do prezo de adjudicación de 33.057,85 euros, aos que haberá que engadir 6.942,15 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 40.000,00 euros (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación do contrato baseado.

Segundo as estimacións realizadas polo persoal da Sección de Innovación-Axencia da Enerxía, para poder facer fronte ás facturas do contrato se deberán realizar os

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	27/44	

seguintes incrementos sobre as cantidades inicialmente previstas para o primeiro semestre de 2025:

SUMINISTRACIÓN	IMPORTE TOTAL A INCREMENTAR 1º SEMESTRE 2025 (IVE INCLUIDO)
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	10.000 €
ES022405000065556NP PAZO DOS DEPORTES	22.000 €
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	8.000 €
TOTAL A INCREMENTAR	40.000 €

O importe destes incrementos foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

2º.- Adxudicar esta modificación número 1 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A61797536, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 219.836,74 euros, aos que haberá que engadir 46.165,72 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 266.002,46 euros (IVE engadido). Esta modificación, realizada en virtude do artigo 204 da LCSP modificacións previstas nos pregos reitores, supón un incremento dun 17,70% sobre o prezo inicial do contrato baseado. Os prezos unitarios que rexen o contrato non sufrirán variacións. En virtude do Acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo do 31 de maio de 2024 os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que seguirán rexendo este contrato se resumen na seguinte táboa:

PROPOSICIÓN ECONÓMICA DE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. PARA EL SUMINISTRO DE GAS NATURAL PARA DIPUTACIÓN DE LUGO_EXP 2024/000516							
Fecha petición oferta				06/05/2024			
Fecha envío oferta				07/05/2024			
Fecha validez oferta				30 días hábiles, a contar desde la finalización de la fecha para presentar ofertas			
DIPUTACIÓN DE LUGO	TARIFA DE ACCESO						TTFHERENMA101 (1)
	RL1	RL2	RL3	RL4	RLTB5	RLTB6	
	Descuento (€/kWh)	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	0,005600	
	Coefficiente K (€/kWh)	0,027831	0,024873	0,022169	0,024621	0,023689	
	Precio c €/kWh	5,1261	4,8303	4,5599	4,8051	4,7119	
Precio €/kWh		0,051261	0,048303	0,045599	0,048051	0,047119	0,040932

* Tal e como se indica na cláusula 21.1 “Procedimiento para la tramitación de los Contratos basados” apartado A) “Fase inicial”: “Los precios ofertados se encuentran indexados y serán revisados mensualmente conforme a lo dispuesto en la cláusula 16.3 del PCA. Por tanto, la facturación se ajustará a las modificaciones previstas en dicha cláusula y serán de aplicación desde el primer mes de ejecución del Contrato basado”.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	28/44



O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación. En virtude do Acordo da Xunta de Goberno de 31 de maio de 2024, a data de finalización do mesmo é o 30 de xuño de 2025.

3º.- A formalización da modificación número 1 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicada de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

Proposta de aprobación, se procede, relación co escrito da alcaldía do Concello de Paradela solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos nº 210-211-212-213 incluídos no Plan Deputación 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Paradela no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (210-211-212-213) incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	29/44	

(aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2025, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/ investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2025.

(...)

As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Paradelas presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
PARADELA	210	MELLORA DOS ACCESOS EN FRUXINDE, CEXEDO E A VILA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	8.917,02 €
	211	MELLORA DOS ACCESOS AO CAMPO DA FESTA DE BARÁN DENDE O CRUCE DE CADEIRAS E A PAREDES DE ABAIXO, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	9.524,85 €
	212	PAVIMENTACIÓN DE ACCESO DE ROSENDE A SANTA CRISTINA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	2.962,91 €
	213	MELLORA CAMIÑO EN VAL DO COUTO, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	7,82 €

5. Por escrito de data 14/04/2025 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
PARADELA	REM	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ALDOSENDE (ALDOSENDE)	1531.76201	--	21.412,60€	21.412,60 €

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	30/44





6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2024, "...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Paradelas, no Plan Deputación 2024.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Paradelas e incluír no Plan Deputación 2024, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
PARADELA	REM	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN ALDOSENDE (ALDOSENDE)	1531.76201	--	21.412,60€	21.412,60€

2º.-Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	31/44	

Proposta relativa á modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de pump track no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e mellora dos accesos en Vilaxusá e A Igrexa,” no Concello de Trabada, ano 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: informe favorable.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/PES_03/008085) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de pump track no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e mellora dos accesos en Vilaxusá e A Igrexa, ano 2024 por importe total de 105.000,00 €.

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 105.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2024

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de pump track no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e mellora dos accesos en Vilaxusá e a Igrexa,” no Concello de Trabada, ano 2024 formalizouse o 12 de decembro de 2024.

Terceiro.- Dende Concello de Trabada remitiuse, o 25 de abril de 2025 (2025RPE006435), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Que o Concello de Trabada ten asinado coa Deputación de Lugo un convenio interadministrativo de cooperación para o financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de pump track no Complexo Deportivo de Trabada”, “Mellora dos accesos a Penaquente” e “Mellora dos accesos a Vilaxusá e A Igrexa”, ano 2024.

Solicita:

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	32/44	



Poder levar a cabo a xustificación parcial do convenio desagregado por cada unha das obras.”

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- En canto ao órgano competente para aprobar a addenda ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada pola dende do Concello de

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	33/44	

Trabada nos termos da addenda do convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construción de *pump track* no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e mellora dos accesos en Vilaxusá e A Igrexa,” no Concello de Trabada, ano 2024 cuxa addenda que quedaría redactada no seguinte senso:

Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de pump track no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e mellora dos accesos en Vilaxusá e A Igrexa,” no Concello de Trabada, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Rubén García Freije, Alcalde do Concello de Trabada, con N.I.F P-2706100A, e sede en Rúa do Concello, 15, Trabada, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.b) b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de *pump track* no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	34/44





mellora dos accesos en Vilaxusá e A Igrexa, ano 2024 por importe total de 105.000,00 €.

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 105.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do orzamento xeral do ano 2024.

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Trabada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construción de *pump track* no Complexo Deportivo de Trabada, mellora dos accesos a Penaquente e mellora dos accesos en Vilaxusá e A Igrexa,” no Concello de Trabada, ano 2024 formalizouse o 12 de decembro de 2024.

Terceiro.- Dende Concello de Trabada remitiuse, o 25 de abril de 2025 (2025RPE006435), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“Que o Concello de Trabada ten asinado coa Deputación de Lugo un convenio interadministrativo de cooperación para o financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Construcción de *pump track* no Complexo Deportivo de Trabada”, “Mellora dos accesos a Penaquente” e “Mellora dos accesos a Vilaxusá e A Igrexa”, ano 2024.

Solicita:

Poder levar a cabo a xustificación parcial do convenio desagregado por cada unha das obras.”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula quinta do convenio formalizado o 12 de decembro de 2024 que quedará redactada no seguinte senso:

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“ A) Achegas:

1.- Achega da Deputación.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	35/44	

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 105.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Trabada financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do Concello de Trabada

Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o concello de Trabada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do convenio sempre que as mesmas estean totalmente executadas e pagadas.

A achega da Deputación regularizarase coa derradeira conta xustificativa.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	36/44





1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministrados e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderás requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito con data 12 de decembro de 2024, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DA DIRECCIÓN GENERAL DE LA POLICÍA NACIONAL COMISARIA PROVINCIAL DE LUGO RELATIVA AO USO DUN ESPAZO DO PAZO PROVINCIAL DE DEPORTES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data do 07.03.25 o Xefe Provincial da Policía Nacional de Lugo -Comisaría Provincial de Lugo- presenta un escrito no rexistro xeral desta Deputación de Lugo baixo o número 2025RT003556, no que solicita o uso gratuíto dun espazo no Pazo Provincial de Deportes para o desenvolvemento do denominado “Plan de formación

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	37/44	

permanente en Técnicas de Autoprotección e Intervención Policial” -TAIP- que require a práctica de distintas técnicas de artes marciais na súa adaptación á actividade policial.

A solicitude expresa que a Comisaría Provincial de Lugo non dispón un espazo para a realización das sesións de formación e practicas polo que identifica a idoneidade do espazo que, no interior do Pazo Provincial de Deportes, está reservado a la práctica de distintas artes marciais contiguo al gimnasio.

Así mesmo presenta a planificación horaria da formación, a previsión do estacionamento duns 20 vehículos durante as horas de formación e identifica aos responsables tanto da formación como da comunicación administrativa.

Ademais en relación coa cobertura aseguradora, alude ao Capítulo IV do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público relativo á Responsabilidade Patrimonial das Administracións Públicas, para sinalar que a actividade descrita é de carácter obrigatorio, se desenvolve en horario laboral e todos os participantes na actividade son profesionais en activo da Policía Nacional dependentes da Dirección General de la Policía do Ministerio del Interior.

Con data do 07.03.25 complementa a súa solicitude establecendo a conveniencia dun ámbito temporal na utilización do demanio provincial, e non obstante o carácter permanente da devandita formación, interesa un prazo de cinco anos con posibilidade de prórroga.

En relación co inmovible provincial, no que se encontran o espazo interesado, se identifica baixo o número de referencia catastral 8610701PH1681S0001FG que unifica a parcela provincial e a construción do Pazo dos Deportes e inscrita no número 29, folio 105 do Libro Inventario de Bens e Dereitos da Deputación de Lugo coa natureza xurídica de ben de dominio público.

Ademais sobre o inmovible provincial sinálase,

Que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 29.05.18, acordou a concesión demanial de uso do Pazo Provincial dos Deportes a favor do C.B. Breogán por un período de 30 anos.

Que a Resolución da Presidencia asinada o 03.07.18 autorizou a utilización non privativa do Pazo dos Deportes e dos seus anexos a favor doutros clubs e entidades deportivas.

Que a Resolución da Presidencia asinada o 19.10.23 outorgou unha concesión demanial de uso gratuíto a favor da Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo da explanada superior e da inferior do Pazo Provincial de Deportes para o desenvolvemento das competencias que ten atribuídas na realización das probas

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	38/44





relativas á obtención dos permisos de circulación por un prazo de 5 anos e sen prexuízo das posibles prórrogas anuais e tácitas.

En relación coa solicitude da Comisaría Provincial de Lugo o informe do Servizo de Deportes do 13.03.25 baixo o CSV IV7SXTIIOBJD5RJMATXE6QZFEI conclúe que a actividade solicitada sería compatible con relación a aquelas actividades ordinarias e extraordinarias nas instalacións do Pazo dos Deportes de acordo ás previsións de períodos e horarios indicados na solicitude. Ademais expresa que debe terse en conta unha serie de circunstancias reitoras do uso solicitado e que se incluírá no acordo reitor que no seu caso se asine polas partes.

Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio do 03.04.25 asinado baixo o CSV IV7SSLQTJN5C32RC6NV4AY2QAM no que conclúe que a tramitación da presente solicitude para o outorgamento de concesión demanial a favor da Comisaría Provincial de Lugo, para a utilización dun espazo do interior do Pazo de Deportes que está reservado á práctica de distintas artes marciais contiguo ao ximnasio e do seu prego reitor, adecúase á lexislación vixente.

Tendo en conta o Informe da Intervención do 29.04.25 asinado baixo o CSV IV7S7WX3PDUZ3TW36EFHAYBHFY non que en conclusión non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do espazo solicitado no Pazo Provincial de Deportes a favor da Comisaría Provincial de Lugo.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, e non obstante o contido da DA 2ª.9 da Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público, corresponde á Xunta de Goberno por delegación do seu Presidente segundo o teor do artigo 59.b) 11 do Regulamento Orgánico desta Deputación Provincial a adopción, no seu caso, do seguinte acordo:

1ª.- Outorgar unha concesión demanial de uso gratuíto a favor da Comisaría Provincial de Lugo, para a utilización dun espazo do interior do Pazo de Deportes que está reservado á práctica de distintas artes marciais contiguo ao ximnasio por un prazo de 5 anos e sen prexuízo das posibles prórrogas anuais e tácitas.

2ª.- Designar como responsable para o cumprimento das condicións establecidas na concesión demanial ó xefe do Servizo de Deportes da Deputación de Lugo ou persoa designada por este, que realizará, no seu caso, a comunicación ou contacto previo que

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	39/44



permita a coordinación que proceda de producirse unha coincidencia que repercutise na posible utilización puntual do espazo por outras entidades.

3º.- Determinar que a presente concesión demanial faise exclusivamente dende o punto de vista da ocupación do espazo da titularidade provincial e que abrangue única e exclusivamente dita utilización polo cal o concesionario deberá dar cumprimento a toda a normativa de aplicación para a actividade que se vai a realizar.

4º.- Aprobar o texto do acordo que incorpora as disposicións reitoras desta concesión demanial.

5º.- Formalizar en documento administrativo a presente concesión demanial mediante a sinatura do referido acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE REGULAMENTO DA LIGA PROVINCIAL- COPA DEPUTACIÓN DE LUGO 2025 DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO (FEGAPI), DE APLICACIÓN AO PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO DE PREMIOS COPA DEPUTACIÓN DE PIRAGÜISMO, AÑO 2025 E DO GASTO CORRESPONDENTE.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deporte no que se reflicte que a presente Copa Deputación de piragüismo, de acordo co regulamento da Federación Galega de Piragüismo (<https://www.fegapi.es/documentacion/ligas-regulamentos/LIGA%20PROVINCIAL%20LUGO%20.pdf>) estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo.

Vsito que se trata dunha competición de carácter oficial e que a súa organización e desenvolvemento está baixo as directrices da Federación Galega de Piragüismo.

Tendo en conta a relevancia e a incidencia desta disciplina deportiva na provincia de Lugo está fóra de toda dúbida, circunstancia acreditada polos importantes resultados dos e das padexeiras dos distintos clubs lucenses, tanto en campionatos de ámbito galego, estatal e mesmo internacional.

Visto que estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo e que a Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica destina unha bolsa económica en concepto de premio, importe de premios que se concretará en función dos resultados logrados nas distintas probas da competición e de acordo ás normas e criterios establecidos por FEGAPI.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	40/44	



Visto informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o Regulamento da Liga Provincial-Copa Deputación de Lugo 2025 da Federación Galega de Piragüismo (FEGAPI) de aplicación ao procedemento de pagamento de premios Copa Deputación de Piragüismo, ano 2025.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total 25.000,00 € (vinte e cinco mil euros) con cargo á aplicación 3410.481 do vixente orzamento da anualidade 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE RENUNCIAS ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS A INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS REALIZADOS POR ASOCIACÍONS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2024.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 13 de decembro de 2024, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 082, do 9 de abril de 2024, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	41/44	

Entidade	Subvención
ASOC. MULLERES RURAIS ALFINETE	681,00 €
ASOC. CULT. AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	726,00 €
AAVV SAN SEBASTIÁN DE CARBALLIDO	748,00 €
ASOC. VECIÑAL A PENA	698,00 €
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA	726,00 €
ASOC. CULT. AVELINO DÍAZ	776,00 €
ANPA CEIP OURAL - SARRIA	641,00 €
ANPA CEIP ESCOLA HOGAR SANTA RITA DE GALDO	670,00 €

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia de data 5 de marzo de 2025 que resolve o recurso de alzada interposto pola Deputación fronte á resolución do 25 de marzo de 2024 da Directora Xeral do Patrimonio Natural no expediente CON-LU-0049/2023, pola que se lle impón a Deputación Provincial de Lugo unha sanción de multa por importe de dous mil euros (2.000 €), e considerando que dita resolución é contraria aos intereses lexítimos desta administración provincial.

Visto, asemade o informe do Secretario Xeral da Deputación de data 29 de abril de 2025 relativo á interposición de recurso contencioso-administrativo fronte á devandita resolución.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

A interposición por esta entidade de recurso contencioso- administrativo fronte á dita resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia de data 5 de marzo de 2025.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 107/2025-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido pola Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Ordinario 107/2025-P polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Ordinario 107/2025-P seguido a instancia de Bodegas Pincelo S.L. fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada ante a Deputación Provincial de Lugo o 21 de decembro de 2023.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME	Página	42/44





Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

1º.- Dación de conta da sentenza nº 68/2024.

Dase conta da sentenza nº 68/2024, de 29 de febreiro, ditada polo Xulgado do Social nº4 de Lugo no Procedemento Ordinario 247/2023, seguido a instancia de D. José Manuel Blanco Vila fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito, antigüidade e cantidade e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que, desestimando la demanda formulada por don José Manuel Blanco Díaz contra la Diputacion Provincial de Lugo, debo absolver y absuelvo a la demandada de todas las peticiones formuladas en la demanda. No se realiza expresa imposición de costas. Notifíquese a las partes la presente resolución y adviértase que frente a ella puede interponerse recurso de suplicación para ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*” A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- Dación de conta da sentenza nº 1996/2025

Dase conta da sentenza nº 1996/2025, de 9 de abril, ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fronte a sentenza nº 68/2024, seguida a instancia de D. José Manuel Blanco Vila, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que desestimamos el recurso de suplicación formulado por D. José Manuel Blanco Vila contra la sentencia dictada el 29/02/2024 por el Juzgado de lo Social Nº 4 de Lugo en autos Nº 247-2023 sobre cantidades-antigüedad contra Diputacion Provincial de Lugo resolución que se mantiene en su integridad. Notifíquese esta resolución a las partes y a*

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	43/44	

la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.” A Xunta de Goberno queda enterada.

3º.- Dación de conta da sentenza nº 67/2024.

Dase conta da sentenza nº 67/2024, de 29 de febreiro, ditada polo Xulgado do Social nº4 de Lugo no Procedemento Ordinario 247/2023, seguido a instancia de D. Hugo Fernández Balseiro fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito, antigüidade e cantidade e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que, desestimando la demanda formulada por don Hugo Fernández Balseiro contra la Diputacion Provincial de Lugo, debo absolver y absuelvo a la demandada de todas las peticiones formuladas en la demanda. No se realiza expresa imposición de costas.*” A Xunta de Goberno queda enterada.

4º.- Dación de conta da sentenza nº 2013/2025.

Dase conta da sentenza nº 2013/2025, de 9 de abril, ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fronte a sentenza nº 67/2024, seguida a instancia de D. Hugo Fernández Balseiro, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que desestimando el recurso de Suplicación interpuesto por la representación procesal del trabajador demandante don Hugo Fernández Balseiro, contra la sentencia de fecha 29 de febrero de 2024, dictada por el Juzgado de lo Social Nº. 4 de los de Lugo, en autos núm. 240/2023, en proceso de reconocimiento de derecho (antigüedad) y cantidades, promovido por el referido recurrente, frente a la demandada la Diputación Provincial de Lugo, confirmamos íntegramente la sentencia recurrida. Notifíquese esta resolución a las partes y a la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*” A Xunta de Goberno queda enterada.

15.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Fecha y Hora	06/05/2025 14:15:29	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SYGIJEF4IV5OJUJGFAXQOME		Página	44/44	